

O carnaval este ano,
mais pobre non puido ser,
esperemos que po ano,
algo mais se poida ver.

Nin unha soa máscara,
puiden po las calles ver,
que pena me da meus amigos
ver o Carnaval morrer.

Xa non nos queda ilusión,
de todo vamos pasando,
e o Antroido sen tardar,
tamen se ira acabando.

Xente nova non encontras,
que con disfraz queira ir,
como nos leves a forza,
de troula non van salir.

Solo nos queda o "desfile"
que este Sábado será,
si o tempo nos acompaña,
algo de xente haberá.

E despois no Casino,
baile de novo teremos,
aparte dos que son socios,
pouca mais xente veremos.

Ese baile desde logo,
moito non vai valer,
si o presidente quixera,
algo mais podia facer.

O luns xa houbo baile,
e poucas máscaras habia,
pero a festa meus amigos,
non rematou hasta o día.

O martes pola mañá
e cando o baile acababa,
Manolo ca discoteca,
outra festa che empezaba.

A música moito mais alta,
xa na podia poñer,
porque senon o Casino
non tardaria en caer.

En Agosto co da calle,
e despois co Carnaval,
o que ti fas Manoliño,
non me parece normal.

Como gane o teu partido,
non sei o que vai pasar,
quen te vera meu neníño,
cando xa poidas mandar.

Dedicación exclusiva,
seguro que vas coller,
si Elva podia collela
ti tamen has de poder.

A "chipu" de secretario,
sei que tamen vas levar,
e que oficina no Concello,
xa lle tes pensado dar.

E si fai falla, un sueldiño,
Tamen se lle pode dar,
Que hay xente neste Concello
Que cobra sin traballar.

Con esta xente amiguiños,
o Carnaval vai ganar,
Mondoñedo desde logo,
mui pouquiño vai cambiar.